



## Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve a convocatoria de provisión temporal de postos de traballo mediante o sistema de substitución

O 27/06/2022 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

### DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 27/06/2022.

**SEGUNDO.-** A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada na presente resolución e no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adxudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico ([servicio.persoal.xustiza@xunta.gal](mailto:servicio.persoal.xustiza@xunta.gal)) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

**TERCEIRO.-** O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adxudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do desfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial de acordo coas necesidades do servizo.

**CUARTO.-** Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





### ANEXO I

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Decanato Servizo Común de Apoio Lugo</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>T.S.X. Sala Cont-Adtvo. A Coruña</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	María Carmen Salcedo Santalla		
Localidade de destino:	A Coruña	Corpo:	CAX
Data:	11/07/2022		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo.Pr.Inst. e Instr.N. 1 Ortigueira</b>		
Motivo da desocupación:	Excedencia	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo.Prim. Inst. e Instr. N.2 O Barco de Valdeorras</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	María Amparo Castedo Pérez		
Localidade de destino:	O Barco de Valdeorras	Corpo:	CAX
Data:	11/07/2022		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. Instrución n.7 A Coruña</b>		
Motivo da desocupación:	Comisión de servizos	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Natalia Fernández Maside		
Localidade de destino:	A Coruña	Corpo:	CXPA
Data:	11/07/2022		

